

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE PATOLOXIA ANIMAL

(Aprobado polo Consello de Departamento o 15 de Maio de 2015)

(Ratificado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)

TITULO PRELIMINAR

ARTIGO 1

1. O departamento de Patoloxía Animal da Universidade de Santiago de Compostela (USC), rexerese no marco do sinalado na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades; modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e pola Lei 6/2013, de 13 de xuño de Universidades de Galicia, na normativa regulamentaria que a desenvolva e sexa de aplicación, polo disposto nos Estatutos e no Regulamento Electoral Xeral da USC e no presente Regulamento.

2. O departamento de Patoloxía Animal desenvolve as súas funcións docentes e investigadoras en todos aqueles Centros con planos de estudos que integran materias adscritas ás áreas de coñecemento de Sanidade Animal e de Medicina e Cirurxía Animal e, no seu caso, nos correspondentes estudos de posgrao.

ARTIGO 2

1.- O departamento de Patoloxía Animal, para o cumprimento das funcións que lle confiren a Lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerese polo presente regulamento, que haberá de ser interpretado no marco dos devanditos Estatutos e demais lexislación sobre ensino universitario.

2. Para todas aquelas cuestións non previstas neste regulamento, nos Estatutos da USC, nin na lexislación sobre o ensino universitario, aplicarase o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TITULO I. ESTRUCTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 3

1. Son membros do departamento de Patoloxía Animal, o persoal docente e investigador funcionario ou contratado, as persoas con bolsa ou contrato de investigación, e o persoal de administración e servizos que estean adscritos ao departamento.

2. A sede do departamento sitúase no Campus de Lugo da USC.

ARTIGO 4

Son funcións do departamento de Patoloxía Animal, segundo o artigo 49 dos Estatutos da USC:

- a. A programación, desenvolvemento e seguimento:
 - Das ensinanzas asignadas ao ámbito ou ámbitos de coñecemento da súa competencia, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como

- cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros en que impartan a docencia.
- Dos estudos de doutoramento adscritos aos departamentos.
 - Dos cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua.
- b. O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
 - c. O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do departamento.
 - d. A formación do persoal docente e investigador da Universidade.
 - e. A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.
 - f. Calquera outra actividade encamiñada ao adecuado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos

TITULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 5

Os órganos de goberno e administración do Departamento de Patoloxía Animal son os que para os departamentos establecen o artigo 103 dos Estatutos da USC:

- a. O Consello de Departamento
- b. O director ou directora
- c. O secretario ou secretaria

ARTIGO 6

Ao abeiro do establecido no artigo 105.2 dos Estatutos da USC, o departamento contará cunha comisión permanente para tramitar as xestións ordinarias que teña asignadas neste regulamento e resolver outras cuestións que lle poida delegar o Consello de Departamento, de maneira puntual.

Os membros elixibles do Consello de Departamento, da comisión permanente e doutras comisións que poidan crearse puntualmente, cesarán por algunha das seguintes causas:

- a) Perda da condición pola que foron elixidos.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Finalización do período para o que foron elixidos.
- d) Calquera outra causa establecida na lexislación que regula o procedemento administrativo.

CAPITULO 1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

ARTIGO 7

1. O Consello de Departamento. estará composto, segundo o artigo 104 dos Estatutos da USC, por:

- a) Polos doutores membros do departamento.
- b) Por unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, que non excederá o 10 % do total de membros.
- c) Por unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, que suporá o 25 % do total dos membros do Consello de Departamento.. Desta porcentaxe, o 10 % corresponderá ao estudantado de grao e máster e o 15 % ao estudantado de doutoramento.
- d) Por un representante do persoal de administración e servizos.

2. O Consello de Departamento. reunirse por iniciativa da dirección ou por pedimento dun terzo dos seus membros. Realizará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.

3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro do consello perderase ao cesar a vinculación co departamento ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

4. Se algún dos representantes perdera a súa condición ou renunciara ó seu posto durante o período correspondente, será substituído polo seguinte mais votado, ata que proceda unha nova elección.

ARTIGO 8

O Consello de Departamento. é o órgano superior de goberno do mesmo, e a el correspóndelle, segundo o artigo 106 dos Estatutos da USC:

- a. A elección do director/a e, de ser o caso, a proposta ao reitor/a da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento..
- b. A planificación docente das materias de que sexa responsable o departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49, liña a), dos estatutos vixentes na USC.
- c. O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49, na liña b) destes estatutos.
- d. A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e. A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo departamento.

- f. A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- g. A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- h. A promoción do perfeccionamento da docencia.
- i. A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente e estes estatutos.
- j. A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.
- k. O informe dos proxectos de teses de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras delas, cando proceda.
- l. Calquera outra competencia que lle atribúan estes estatutos ou a lexislación vixente.

ARTIGO 9

Funcionamento do Consello de Departamento.

1. O Consello de Departamento. pode actuar en pleno ou en comisión permanente. Tamén poderá dotarse de comisións asesoras, das cales se determinarán as súas competencias e funcións.
2. Sesións e convocatorias do pleno:
 - a. O pleno do Consello de Departamento. será convocado pola secretaria ou secretario, por orde da directora ou director, ou na súa ausencia as persoas que legalmente os substitúan, con carácter ordinario polo menos unha vez cada trimestre do ano lectivo (art. 104 Estatutos USC), e con carácter extraordinario a iniciativa do director/a ou a pedimento dun 25% dos seus membros. Para a convocatoria das sesións terase en conta o estipulado na normativa vixente da USC relativa á convocatoria de órganos colexiados.
 - b. No caso de convocatoria extraordinaria a pedimento dos membros do consello, a reunión deberá celebrarse no prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude na secretaría do departamento, tendo en conta para o cómputo os períodos hábiles para a convocatoria de órganos colexiados. Na solicitude de convocatoria, que deberá realizarse por escrito, indicárase o punto ou puntos que se desexe debater na sesión, coa redacción precisa de cómo se quere que figure na orde do día.
 - c. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión, así como o lugar (físico ou electrónico) no que se pode consultar a documentación referente aos puntos do día, no caso de existir. As sesións terán lugar principalmente na sede do departamento.
 - d. A convocatoria deberá ser entregada, cando menos, con tres días de anticipación, excepto no caso de convocatoria extraordinaria e urxente, que se poderá convocar cunha anticipación mínima de dous días.
 - e. A convocatoria deberá ser realizada polas vías de comunicación ordinaria que, en cada momento, dispoña a universidade. Neste sentido, considérase válida e prioritaria a notificación por correo electrónico ao enderezo de correo electrónico institucional facilitado polo servizo correspondente da USC, agás que algún membro do consello sinale outro lugar de notificación e sempre que sexa nas dependencias da USC.

- f. É responsabilidade dos membros do consello comunicar ao secretario/a do departamento os cambios que se puideran producir nos enderezos, tanto físicos como electrónicos, nos que se desexa recibir as convocatorias, que deberán ser, en todo caso, enderezos da USC.
- g. A orde do día será elaborada pola directora/o, asistido pola secretaria/o. Nela figurarán as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos a tratar, informe do director ou directora, asuntos de trámite e rolda aberta de intervencións, agás que a sesión do consello se convoque con carácter extraordinario ou para a elección ou revogación do director.
- h. A convocatoria do Consello de Departamento deberá incluír na orde do día os puntos que previamente solicitasen un quinto dos membros do Consello, cunha antelación mínima de 2 días á data da convocatoria. Esta solicitude deberá ser entregada na secretaría do departamento e indicar a redacción exacta coa que os/as solicitantes queren que se recolla o punto ou puntos a tratar.
- i. O Consello de Departamento constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da metade dos seus membros, e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois, aínda que non se diga expresamente na convocatoria, coa asistencia de polo menos o 15% do total dos seus membros. En ámbolos dous casos requirirase a presenza do/a director/a e do/a secretario/a ou, no seu caso, das persoas que legalmente os substitúan.
- j. No caso de que non se poida constituír o consello por falta de quórum ou do seu presidente, este deberá convocarse novamente, no prazo máximo de 2 días hábiles, para unha nova data que deberá ser, en todo caso, no prazo dos seguintes 15 días.
- k. Cando a natureza dalgún punto da orde do día o aconselle, o director ou directora poderá convidar, con voz e sen voto, a persoas que non pertencen ao consello, ben a iniciativa propia, ben a pedimento dos/as interesados/as ou dun 15% dos membros do consello. Neste caso, as persoas convidadas só estarán presentes na exposición e debate do punto ou puntos para os que foron convocados.
- l. O Consello de Departamento estará presidido polo director/a que será asistido polo secretario/a que o será tamén do consello. En caso de ausencia do secretario/a, o director/a designará a quen realice as súas funcións na sesión.
- m. O director/a dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates, de acordo co establecido no presente regulamento.
- n. Para a aprobación da acta da sesión anterior, nos consellos ordinarios, o pleno do consello poderá acordar que o borrador se faga chegar previamente, ou xunto coa convocatoria, aos seus membros. No caso de que non se facilite o borrador da acta con antelación, deberá darse lectura da mesma. A aprobación do texto debe someterse a votación e aprobarse por maioría. A aprobación da acta, en canto que punto da orde, tamén pode ser obxecto de voto particular.
- o. No punto de informe da dirección nos consellos ordinarios, deberá darse conta das reunións que mantivese a comisión permanente dende o anterior consello ordinario. Ao remate do informe, calquera membro do consello poderá intervir para pedir aclaracións sobre os asuntos dos que se informou.
- p. Nos restantes puntos da orde do día, os membros do consello terán dereito ao uso da palabra durante os debates dos mesmos, e sobre calquera outro punto no apartado de rolda de intervencións. O presidente/a do consello será o responsable de ordenar o

desenvolvemento dos debates. Nesta función deberá garantir o respecto ao uso da palabra de tódolos membros que queiran intervir, fixar quendas e tempos de intervención se o estima necesario, e velar porque os debates se desenvolvan cinguíndose á orde do día, e desde o respecto ás persoas presentes ou aludidas.

- q. Calquera membro do consello terá dereito a presentar ante o mesmo propostas de acordo ou moción referidas aos puntos da orde do día, con antelación facéndoo por escrito, ou ben no curso do debate do punto correspondente.
- r. Os membros do consello terán dereito a que consten na acta as súas observacións en relación co desenvolvemento do debate, debendo entregalas por escrito ao secretario/a que lles dará lectura pública antes de rematar a sesión.
- s. No suposto de excesiva duración da sesión do consello, e co acordo da maioría dos presentes, o director/a poderá propoñer e decidir a interrupción da sesión, que deberá continuar no mesmo día. Se non se remata no mesmo día, entón deberá establecerse unha nova convocatoria.

ARTIGO 10.

Adopción de acordos e votacións

- a. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos nas materias da súa competencia, e de mocións ou propostas nos restantes casos.
- b. Os acordos do Consello de Departamento. serán susceptibles de recurso de alzada ante o consello de goberno da Universidade
- c. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes tódolos membros do Consello de Departamento e sexa declarada a urxencia ou a conveniencia a tratar o asunto polo voto favorable da maioría.
- d. As decisións poderanse tomar por asentimento ou por votación. Para axilizar o procedemento, as votacións poderán ser públicas e a man alzada, ou nominais e secretas cando así sexa solicitado. Serán, en todo caso, secretas cando así o decida o/a presidente/a do Consello ou o solicite polo menos un membro do Consello.
- e. Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos votos emitidos, salvo o disposto expresamente por outra/s normativas que resulten de aplicación.
- f. O voto dos membros do Consello de Departamento é persoal e indelegable, e non poderá emitirse por anticipado.
- g. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular, por escrito, no prazo de dous días, voto que se incorporará ao texto aprobado.
- h. O Consello de Departamento. arbitrará os mecanismos necesarios para que os membros do Departamento estean puntualmente informados dos acordos que se adopten, tanto no seu pleno como nas comisións.

ARTIGO 11.

Actas

- a. O secretario/a levantará acta de cada sesión do consello e emitirá certificación dos acordos adoptados, nos termos establecidos na normativa de réxime xurídico das administracións públicas..
- b. Na acta especificarase necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de tempo e lugar nas que tivo lugar, os puntos principais de deliberación, así como o contido dos acordos adoptados. Calquera membro do consello poderá solicitar que figure o sentido do seu voto, sempre que o manifeste a continuación da votación. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que indique o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar así na acta ou achegando copia da mesma.
- c. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria, podendo o secretario/a emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente tal circunstancia.
- d. As actas, unha vez aprobadas, deberán estar asinadas polo secretario/a, ou quen asuma as súas funcións, co visto e prace do/a director do departamento e recollidas nun libro de actas.
- e. As actas imprimiranse conforme as normas ditadas pola Instrución 11/2009, da Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela sobre Libros de Actas de Órganos Colexiados (Modificada pola Resolución do 27 de xaneiro de 2010) ou as posteriores que se diten a ese respecto.
- f. Unha vez aprobada a última acta do período ordinario dun mandato dos órganos unipersoais (catro anos), a secretaria ou secretario deberá recompilar todas as actas e remitilas á imprenta da Universidade de Santiago de Compostela para a súa encadernación. Tamén se remitirá unha copia das actas en formato dixital para o seu Arquivo dixital (conforme á Instrución 1/2009 anteriormente citada).
- g. Unha vez realizada a encadernación estamparamos unha dilixencia polo secretario/a xeral facendo constar que se trata dun libro oficial de actas e o número de páxinas de que se compón. Dilixenciado o libro de actas será arquivado na secretaria do departamento. Os libros de actas de máis de dez anos serán remitidos ao arquivo histórico para a súa conservación e custodia. Corresponde ao secretario/a a custodia do libro de actas. No caso de que o libro se atope depositado no Arquivo Histórico da USC a custodia corresponderá a este órgano, que remitirá as copias dos acordos ou do libro que lle solicite o secretario/a ou director/a do departamento.

CAPITULO 2. DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 12

1. A comisión permanente estará integrada por membros do Consello de Departamento tal como se indica a continuación:

- a. O/a director/a, quen a presidirá.
- b. O/a secretario/a do departamento que o será tamén da Comisión Permanente
- c. Dous representantes do Sector I: profesorado doutor con vinculación permanente, un por área de coñecemento, garantindo a representación das áreas de coñecemento de Medicina e Cirurxía Animal e de Sanidade Animal.
- d. Un membro do Sector II: restantes categorías de persoal docente e investigador.
- e. Un membro do Sector III: alumnado matriculado en titulacións oficiais
- f. Un membro do Sector IV: membros do persoal de administración e servizos

2. Os representantes dos sectores electorais serán nomeados polo director/a, tras a súa elección polo Consello de Departamento. No caso de que non se presenten candidatos/as, os membros serán elixidos por sorteo. A comisión permanente será renovada cada vez que haxa eleccións a director/a, sendo o seu mandato de catro anos.

3. Son competencia da comisión permanente:

- a. Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- b. Adoptar acordos ordinarios sobre asuntos que impliquen a aplicación de procedementos e criterios previamente acordados polo pleno do consello.
- c. Coñecer e decidir sobre os asuntos que, sendo competencia do Consello de Departamento lle fosen delegados polo pleno. En canto o Consello de Departamento non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na comisión permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), d), e), f), g), e i) do artigo 8 deste Regulamento, que establece as competencias do Consello de Departamento e que non poderán ser delegadas. En relación ó artigo 8k), a competencia da comisión permanente limitarase a aprobar, se procede, o trámite de lectura das teses de doutoramento depositadas na secretaría do departamento, e a proposta das comisións xulgadoras das devanditas teses, sempre e cando cando ditas non foran obxecto de suxestións de modificación por parte de calquera membro do departamento.
- d. Asesorar en todas as as cuestións que o/a director/a do departamento lle formule no exercicio das súas competencias.

4. A comisión permanente reunirse sempre que o/a director/a o considere necesario ou a pedimento dun terzo dos membros da mesma.

5. A convocatoria en sesión ordinaria realizarase cun mínimo de dous días de antelación. En todos os demais aspectos referidos á convocatoria e normas de funcionamento, cinguirase ao previsto neste regulamento para o Consello de Departamento. A orde do día será remitida a todos os membros do Consello de Departamento, previo á celebración da comisión permanente.

6- A comisión permanente constituirase validamente coa presenza dun terzo dos seus membros. En todo caso, é necesaria a asistencia do/a director/a e do/a secretario/a ou dos membros do consello que legalmente os substitúan.

7.- Os acordos da comisión permanente adoptaranse polo mesmo procedemento establecido para os do Consello de Departamento.

8.- As reunións e a toma de decisións da comisión permanente realizaranse utilizando os medios electrónicos que se consideran legais para outros asuntos administrativos (telefonía, videoconferencia, correo electrónico, etc.), sendo responsabilidade dos membros da comisión permanente o adecuado mantemento e actualización do enderezo de correo electrónico que cada membro debe ter na USC.

9.- De todas as reunións da comisión permanente o secretario/a redactará unha acta que se recollerá no libro de actas do consello. O director/a informará ao pleno do consello, na primeira sesión ordinaria que este celebre con posterioridade á última celebrada pola comisión permanente de tódalas actuacións da Comisión, con excepción das referidas a asuntos de trámite.

10. Calquera membro do Consello de Departamento, previa solicitude razoada dirixida ó/a director/a, poderá intervir ante a comisión permanente, con voz pero sen voto, en relación con algún dos asuntos da orde do día.

CAPITULO 3. DO/A DIRECTORA

ARTIGO 13

O/A director/a representa ao departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 14

1. As competencias do/a director/a do departamento esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

2. Son competencias específicas da dirección do departamento,

- a. A convocatoria e a presidencia do Consello de Departamento.
- b. A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
- c. A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais de que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d. A execución das previsións orzamentarias.
- e. A proposta ao reitor/a do nomeamento do secretario ou secretaria do departamento.
- f. A toma de decisións necesarias para garantir a docencia en casos de ausencias imprevistas dalgún profesor/a, poñendo en xogo todos os recursos de persoal do departamento.
- g. Garantir que o departamento tome os acordos necesarios sobre temas da súa

competencia. En ausencia de ditos acordos será o/a director/a do departamento quen ditará as resolucións que os suplan.

- h. Recibir a información, por parte dos membros do departamento que sexan representantes noutros órganos colexiados da USC, dos acordos que se tomen en cada sesión e que afecten ao departamento de Patoloxía Animal ou a algún dos seus membros.
- i. Supervisar e coordinar o labor do persoal de administración e servizos especificamente adscrito ao departamento.

3.- As competencias da dirección do departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do departamento que non estean atribuídos a outros órganos

4. As decisións do/a director/a do departamento adoptarán a forma de resolucións. As resolucións do/a director/a do departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o reitor/a da Universidade.

ARTIGO 15

Elección e motivos de cese

1) A elección do director ou directora do departamento farase, de acordo co establecido nos estatutos e no regulamento electoral xeral da USC, polo Consello de Departamento entre os profesores doutores con vinculación permanente pertencentes aos corpos docentes universitarios, correspondendo ao reitor ou reitora o seu nomeamento. De non se poder levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor, encargaralle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor/a do departamento, que teña o título de doutor e vinculación permanente á Universidade. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

2) O mandato do/a director/a do departamento será de catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

3) En caso de ausencia ou enfermidade, o/a director/a será substituído, con carácter accidental, polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade que sexa profesor doutor con vinculación permanente á Universidade.

4) O/a director/a do departamento cesará por petición propia, por ter transcorrido o tempo para o que foi elixido ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta dos membros do consello.

5) A moción de censura, para ser tramitada, deberá estar asinada por un terzo dos membros do Consello de Departamento, e incluír o nome dun candidato alternativo, e será rexistrada na secretaría do departamento.

6) Cando concorran estas circunstancias, procederase do seguinte xeito:

- a) O/a director/a convocará unha sesión extraordinaria de Consello de Departamento, con este único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles

dende a su entrada no rexistro.

- b) Tanto o candidato proposto como o/a director/a, disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Tras o oportuno debate, procederase á votación nominal e secreta.
- c) Se a moción de censura obtívese o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento, será proclamado director/a o candidato proposto na moción de censura.
- d) Se a moción de censura non acadase a maioría absoluta considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o resto do período de mandato do director/a.

7) Rematado o mandato para o que foi elixido, ou no caso de finalización a petición propia, procederase á convocatoria de eleccións de acordo cos criterios establecidos no regulamento electoral xeral da USC, seguindo en funcións o director ou directora cesante ata que se elixa substituto.

CAPITULO 4. DO/A SECRETARIO/A

ARTIGO 16

O secretario ou a secretaria do departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do departamento e, como tal, ten encomendadas a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do departamento. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o director, a lexislación vixente e estes estatutos.

ARTIGO 17

1. O/A secretario/a será nomeado polo reitor/a, tras a proposta do director/a, entre o profesorado e os axudantes do departamento e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do Departamento.

2. O/A secretario/a cesará por decisión do reitor/a, logo de proposta da dirección do departamento ou por petición propia.

3. En caso de ausencia ou enfermidade, será substituído con carácter accidental por un membro do consello designado polo director ou directora, e no seu defecto, polo profesor de menor idade que reúna os requisitos para ser secretario/a.

ARTIGO 18

Son funcións do secretario/a:

- 1) Levantar acta das sesións do Consello de Departamento e da comisión permanente.

- 2) Custodiar as actas, unha vez aprobadas, que poderán ser consultadas na súa presenza por calquera membro do departamento.
- 3) Expedir as certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do departamento.
- 4) Redactar todos cantos escritos de carácter administrativo lle sexan encomendados, coa autorización explícita do director ou directora.
- 5) Recibir os actos de comunicación dos membros do consello, as notificacións, petición de datos, rectificacións ou calquera clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- 6) Supervisar e coordinar o labor do persoal de administración e servizos especificamente adscrito ao departamento.
- 7) Coidar do arquivo e da documentación do departamento
- 8) Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o/a director/a, lle encomenden os estatutos da USC, ou a lexislación de rango superior a este regulamento.

TITULO III DA DOCENCIA

ARTIGO 19

O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente e remitirá aos distintos Centros para a súa tramitación ó reitorado. Así mesmo elaborará e remitirá ao reitorado o programa de organización docente do departamento de acordo a normativa de organización docente en vigor.

ARTIGO 20

1. O reparto do encargo docente farase de forma equitativa entre todo o persoal docente, seguindo os criterios establecidos na normativa correspondente e en base aos criterios que aprobe o Consello de Departamento.
2. A distribución das obrigas docentes deberá contemplar, no posible, a necesidade de ter que cubrir ausencias xustificadas de profesorado do departamento durante o transcurso do ano académico.

ARTIGO 21

1. De acordo coa normativa vixente, os programas das materias serán elaborados polos profesores/as e deberán aprobarse polo Consello de Departamento.
2. Os programas das materias serán elaborados de acordo co perfil de cada materia contemplado no plano de estudos do centro.
3. Na programación académica das diferentes materias terase en conta o disposto pola

normativa universitaria correspondente, en particular a normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes.

4. O departamento comunicará aos respectivos centros onde imparta docencia os programas das materias sobre as que ten responsabilidade, así como a relación dos profesores que se vaian encargar da docencia das materias que o departamento teña ó seu cargo.

ARTIGO 22

1. O departamento, ademais de participar na programación dos estudos correspondentes ás titulacións oficiais de grao e máster, organizará os estudos conducentes á obtención do título de doutor regulados polos Real Decretos 778/1998 e 1393/2007 do seu ámbito de competencia, ata a extinción dos mesmos; así como outros estudos que poidan dar dereito á obtención de certificados ou diplomas de especialización.

2. O departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, sempre coa aprobación do consello e atendendo ao presuposto dispoñible.

3. Os profesores/as que desexen organizar ou impartir cursos, congresos, conferencias ou seminarios, sen cargo aos créditos do departamento deberán comunicarllo ao director/a.

4. O persoal docente e investigador do departamento informará, ao remate de cada curso académico, á dirección do departamento de todos aqueles cursos, seminarios ou conferencias nas que participara nese período. Ditas actividades poderán figurar así na memoria anual do departamento.

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

ARTIGO 23

1. O departamento coordinará a actividade investigadora realizada polos seus membros, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.

2. O departamento encargárase do rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do departamento. Con este fin, o persoal docente e investigador deberá remitir anualmente ao secretario/a do departamento información sobre os seguintes asuntos:

- a) Liñas de investigación que desenvolven así como, se procede, persoal dependente deles ou adscritos ás liñas de investigación das que son responsables.
- b) Datos para a actualización do seu currículo científico e académico.
- c) Axudas recibidas para o desenvolvemento de proxectos de investigación: contía, equipos ou aparatos adquiridos, etc.

ARTIGO 24

1. O departamento, a nivel institucional, e os seus profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de

carácter científico, técnico ou artístico, e maillo desenvolvemento de cursos de especialización ou actividades específicas de formación.

2. O procedemento para a sinatura de ditos contratos axustarase ao establecido no correspondente regulamento aprobado polo Consello de Goberno.

ARTIGO 25. Do persoal docente e investigador

Os bolseiros, contratados predoutorais, e persoal investigador en formación con cargo a fondos alleos ao departamento, que realicen traballos de investigación no seo dalgún dos grupos de investigación do departamento, deberán acreditálos ao secretario/a, para formalizar a súa adscrición ao departamento nos termos que estableza a normativa vixente, e renovarán dita acreditación ao comezo de cada nova prórroga ou contrato.

ARTIGO 26

As propostas de nomeamento de bolseiros e as de contratación de persoal con cargo a créditos xerais do departamento serán presentados ao seu consello para a súa aprobación e tramitación ao reitorado, no seu caso.

TÍTULO V: DOS ORZAMENTOS

ARTIGO 27

1. Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o departamento, o director/a elaborará e presentará ao Consello de Departamento o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos para a súa aprobación.

2. O orzamento anual do departamento elaborárase de acordo cos criterios que aprobe o Consello de Departamento, e tendo en conta as necesidades docentes e investigadoras.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ARTIGO 28

1. A iniciativa para a reforma do presente regulamento pode ser levada a cabo polo director/a ou a pedimento da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento. Neste último caso deberase cursar á dirección do departamento unha solicitude de reforma debidamente razoada, facendo constar nela o/s artigo/s que se van a modificar, e asinada pola totalidade dos demandantes.

2. O/a director/a, remitirá a proposta de reforma, debidamente articulada e razoada, a cada un dos membros do Consello de Departamento e abrirá un prazo de dez días para a presentación de emendas.

3. A proposta de reformas e emendas serán analizadas polo Consello de Departamento, para o que se convocará unha reunión do mesmo.

4. A reforma do regulamento requirirá a aprobación por maioría absoluta dos membros do

Consello de Departamento en primeira votación, e por maioría simple en segunda. No caso de non admitirse a proposta de reforma, non poderá presentarse unha proposta idéntica no prazo dun ano.

5. No caso de ser aprobado polo consello, o novo texto será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa aprobación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Interpretación

A directora ou o director, coa asistencia da secretaria ou secretario, interpretará o presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Regulamento de Réxime Interno do departamento de Patoloxía Animal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico da Sede Electrónica tras a súa ratificación polo Consello de Goberno.